75	IR 79/2018	28/12/2018	28/12/2018	14.509,69	Reconocimiento de obligación	Presidente	En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de contratación	Contrato de suministros	
76	IR 80/2018	27/12/2018	27/12/2018	130,74	Reconocimiento de obligación	Presidente	En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de contratación	Contrato de suministros	

77	IR 81/2018	28/12/2018	28/12/2018	329,11	Reconocimiento de obligación	Presidente	En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de contratación	Contrato de servicios
78	IR 82/2018	29/12/2018	29/12/2018	6.600,00	Reconocimiento de obligación	Presidente	En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de subvenciones y ayudas públicas	Subvenciones de concesión directa
79	IR 83/2018	29/12/2018	29/12/2018	7.100,00	Reconocimiento de obligación	Presidente	Otras causas distintas de las anteriores, En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de subvenciones y ayudas públicas	Subvenciones de concesión directa
80	IR 84/2018	29/12/2018	29/12/2018	6.918,01	Reconocimiento de obligación	Presidente	En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de contratación	Contrato de servicios
81	IR 85/2018	29/12/2018	29/12/2018	233.582,47	Reconocimiento de obligación	Presidente	Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado., En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales,	Expedientes de contratación	Contrato de suministros
82	IR 86/2018	30/12/2018	30/12/2018	21.633,40	Reconocimiento de obligación	Presidente	Otras causas distintas de las anteriores, Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado.,	Expedientes de contratación	Contrato de suministros

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra a concelleira do grupo PP, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que *"tocaba en el año 2019"* e que *"ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir"*, culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto o Grupo Municipal Popular no concello de Rianxo, presnta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información inmediata.
2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.
3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

Antes de pasar á moción a secretaria pide a palabra para indicar que entende que a moción presentada se incardina máis ben no punto de Rogos.

O voceiro propoñente insiste non obstante en manter a súa moción e acto seguido sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres constitúe unha vulneración dos seus dereitos fundamentais e a expresión máis cruel da discriminación. A súa orixe atópase nunha situación de desigualdade e nunha relación de poder dos homes sobre as mulleres que se foron transmitindo de xeración en xeración ao longo do tempo.

No Estado español, dende o 2003, foron asasinadas máis de 1000 mulleres polas súas parellas ou ex-parellas. O ano pasado foron 55 as mulleres asasinadas, e no que levamos de ano dúas mulleres e unha nena de 3 anos. Estas cifras, poñen de manifesto a situación trágica á que nos enfrontamos, unha situación ante a cal a sociedade, as institucións, e os responsables políticos non podemos permanecer impasibles. Debemos seguir o exemplo das milleiras que cada 8 de marzo enchen as rúas e prazas do país ao berro de "querémonos libres e vivas".

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, co obxectivo de sensibilizar a toda a sociedade respecto do problema da violencia que sofren as mulleres e para fomentar a toma de conciencia sobre a gravidade da violación sistemática dos dereitos das mulleres en todo o mundo, decidiu en 1999 declarar o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Periodicamente, cando se aproxima a efeméride, acostumamos aprobar mocións coa finalidade de reafirmar o compromiso do Concello de Rianxo contra a Violencia machista e as desigualdades que a lexitiman e perpetúan. Mais desgraciadamente, tamén de maneira periódica temos que dedicar un sentido e doloroso recordo á memoria dunha nova muller asasinada. Debemos pois acompañar os compromisos adoptados de medios e medidas coa finalidade de facelos efectivos.

Sabemos, pola prensa, que recentemente se acordou que a Policía Local de Rianxo se incorporada ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero (Vioxen), así como a creación da Mesa Local de Coordinación Policía contra a violencia machista. Coa vontade de afondar nos obxectivos que perseguen eses pasos anunciados, e coa finalidade de adaptar mellor os recursos e procedementos ás necesidades das vítimas, así como para optimizar a prevención e as accións de detección precoz dos casos de violencia machista, propoñemos que se impulse a creación dunha Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia

Machista no noso Concello. Coa finalidade de contribuír a que isto se poida facer no menor espazo de tempo posible, anexamos a continuación unha proposta de regulamento, unha proposta de solicitude de nomeamento dos integrantes da mesa, así como unha proposta de convocatoria da mesma:

MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL

CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA DE RIANXO

PROPOSTA DE REGULAMENTO

Artigo 1. Composición

Presidencia

- O/Aalcalde/alcaldesa do Concello de Rianxo, ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais

- Concelleiros/as con competencias no ámbito de prevención e loita contra a violencia machista.
- Persoal do Centro de Información á Muller (cando nos dotemos deste servizo).
- Persoal dos servizos sociais municipais.
- Un representante por cada grupo municipal da Corporación.
- Un representante da Policía Local.
- Un representante da Garda Civil.
- Un representante dos centros educativos.
- Un representante dos servizos sanitarios.
- Un representante da Secretaría Xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia.

Secretaría

- Persoa técnica da concellaría competente na materia.

Artigo 2. Nomeamento

O/A alcalde/alcaldesa do Concello solicitará, en base ao acordo adoptado polo Pleno Municipal, que cada entre con representación designe unha persoa representante na mesa.

Artigo 3. Obxectivos

- Mellorar a detección precoz de casos de violencia machista.
- Optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra a violencia machista.

- Ofrecerlle unha atención e unha resposta áxil ás vítimas.
- Mellorar a protección daquelas que presentan alto risco.
- Informar e sensibilizar na materia tanto ao profesionais como á poboación en xeral.

Artigo 4. Competencias

- Determinar criterios para a detección precoz de casos de violencia machista no ámbito local.
- Acordar criterios comúns para a detección e atención en casos de alto risco.
- Seguimento de casos de alto risco.
- Identificar situacións nas que se observe unha descoordinación entre os distintos ámbitos e realizar propostas de mellora.
- Poñer en común e avaliar os datos sobre violencia machista de cada ámbito de actuación.
- Impulsar estratexias de sensibilización e prevención.
- Avaliar os resultados das campañas de sensibilización e prevención realizadas.
- Manter un contacto fluído co departamento autonómico competente na área de igualdade e colaborar na difusión das actuacións de prevención de violencia machista propostas por este departamento.

Artigo 5. Periodicidade de convocatoria

Con carácter ordinario a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia Machista reunirse cada tres meses, e de xeito extraordinaria ou con carácter de urxencia sempre que se dea unha situación que así o requira.

Artigo 5. Actas das sesións

A acta das sesións da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia Machista do Concello de Rianxo será acorde á normativa do mesmo.

PROPOSTA DE SOTICITUDE DE NOMEAMENTO INEGRANTES DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

Nome e apelidos

Enderezo

CP Localidade

En Rianxo a <dia> de <mes> de <ano>

Estimado/Estimada <persoa a quen se dirixa>

Pola presente comunícolle que no Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2020, aprobouse constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia Machista

A dita mesa vai constituír unha ferramenta operativa na que están representados todos os ámbitos municipais, e outros, implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero co obxecto de procurar unha maior eficiencia de todas actuacións a tal fin.

Trátase pors dunha iniciativa de buscar incrementar o grao e a calidade da coordinación interinstitucional por parte de todas as administracións públicas, e contribuír así a optimizar a accesibilidade aos recursos e ás prestacións dos servizos de atencións ás mulleres do noso ámbito municipal afectadas por situación de violencia machista.

Polo tanto, e de cara a iniciar os traballos da Mesa, solicítolle que designen a persoas que por parte do organismos/departamento consideren oportuno que participe como integrante da Mesa (unha persoas titular e unha suplente), e nos remita no formulario que se achega, os distintos nomeamentos.

O enderezo ao que deben remitir os datos das persoas nomeadas é: <enderezo que corresponda>

**FORMUTARIO DE NOMEAMENTO DOS INTEGRANTES DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN
INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA**

NOME DO ORGANISMO OU DEPARTAMENTO AO QUE REPRESENTA	
ENDEREZO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA NOMEADA	
TELÉFONO	

CORREO ELECTRÓNICO	
--------------------	--

**PROPOSTA DE CONVOCATORIA DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL
FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA**

Nome e apelidos

Enderezo

CP Localidade

En Rianxo a <día> de <mes> de <ano>

Estimado/Estimada <persoas a quen se diríxa>

Contactase con vostede xa que foi nomeado/a para formar parte da Mesa de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia Machista do Concello de Rianxo, cuxa constitución foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2020.

A xuntanza de constitución da Mesa terá lugar o vindeiro día <día> de <mes>, en <lugar onde terá lugar a xuntanza, ás <horario previsto> coa seguinte Orde do Día:

1. Constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia Machista.
2. Definición dos seus obxectivos e funcións.
3. Proposta de funcionamento.
4. Actuación que se desenvolverán para mellorar a coordinación.
5. Actuacións previstas de cara ao 8 de marzo.
6. Esbozar as liñas que deben rexer o Protocolo de Actuación fronte á Violencia Machista.
7. Rogos e preguntas.

Grazas pola colaboración.

Si natura.

En base ao exposto anteriormente, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da

Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Dar os pasos necesarios para constituir nun prazo máximo de 45 días, a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia Machista do Concello de Rianxo.

Ábrese unha quenda de debate onde o señor Alcalde explica que se trata dunha Mesa respecto da cal xa se adoptou na Xunta Local de Seguridade celebrada no ano 2019 o compromiso de posta en marcha da mesma, polo que entende que debería de ser no marco da Xunta Local de Seguridade onde se pechen os acordos pertinentes

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (dos 1 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común e 1 da concelleira do grupo Ciudadanos), dez votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) e cero abstención dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta REXEITADA a moción.

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: ESCAPARATE VIRTUAL DO COMERCIO E HOSTALARÍA LOCAL.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno ordinario do mes de novembro deste mesmo ano, debateuse e aprobouse unha moción presentada por Rianxo en Común (número de entrada 5693) relativa á implantación dunha liña de axudas a disposición das persoas que teñan un proxecto de carácter empresarial, así como á posta en funcionamento do espazo de coworking.

Na exposición de motivos da referida moción, faciase unha radiografía do estado actual do noso tecido empresarial e comercial, unha situación francamente preocupante que é urxente reverter.

Coa intención de contribuír a esa finalidade presentamos a proposta antes referida, e con esta iniciativa que sometemos á consideración do Pleno da Corporación, queremos, non só, seguir incidindo na urxencia de tomar medidas para devolverlle ao noso tecido empresarial e comercial a vitalidade que anos atrás tivo, senón tamén, seguir contribuíndo co noso traballo no Concello a buscar a solucións que o fagan posible.

Polo presente moción propoñemos a creación dunha páxina web (propoñemos viverianxo.gal), na que se compaxinen os contidos propios dunha páxina de información turística (lugares de

interese, eventos, etc.) con contidos relativos á oferta comercial e hostaleira que se pode atopar no noso municipio. Con esta proposta pretendemos que se cree unha ferramenta de utilidade para foráneos, mais tamén para os veciños e veciñas de Rianxo, coa que se poidan coñecer dunha maneira áxil, actualizada e detallada, a oferta de ocio, gastronómica e comercial que se pode atopar en Rianxo.

Esta ferramenta, que pensamos que debe ser creada e xestionada polo Concello, debe ser posta a disposición dos comerciantes e hostaleiros rianxeiros, e articularse os mecanismos de colaboración necesarios para que os contidos da páxina web poidan ser actualizados periódicamente ou a petición dos que a empreguen como escaparate.

Tendo en conta o exposto, e en base ao recollido na exposición de motivos da moción de proposta sobre "apoio a iniciativas de carácter laboral" (número de entrada 5693) presentada polo GM de Rianxo en Común no pleno ordinario anterior, o mesmo solicítalle ao Pleno do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- Estudar a creación dunha páxina web que sirva para visibilizar a oferta de ocio, a oferta comercial e a oferta hostaleira do noso municipio.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (dos 1 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común e 1 da concelleira do grupo Ciudadanos), dez votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) e cero abstención dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta REXEITADA a moción.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: EMERXENCIA CLIMÁTICA

Antes de pasar á moción a secretaria pide a palabra para sinalar que se ben entende que a citada moción se debería de incluír no punto de Rogos, sinala que respecto ao apartado segundo do acordo que se pretende adoptar, si os concelleiros queren que se convoque unha Comisión Informativa, teñen un mecanismo específico na normativa, cal é o de solicitar a celebración da correspondente sesión co quorum mínimo esixido no ROF (art 134), sen superar en ningún caso o máximo de tres ao ano que se prevé na normativa, de forma que si se cumpren os requisitos esixidos, e non se convoca, producirase a súa convocatoria automática por lei no prazo a tal fin establecido.

O voceiro propoñente indica que á vista do indicado segue querendo plantexar a súa moción para que sexa sometida a ratificación da inclusión na orde do día pero eliminando o punto segundo da mesma.

Sométese a ratificación a urxencia da moción nos termos indicados resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a chegada de Rianxo en Común á corporación en maio de 2015, un dos eixos das nosas propostas foi a protección do medio ambiente. Vivimos un momento da historia no cal o cambio de modelo enerxético é un imperativo para as sociedades industrializadas. A industrialización foi posible en boa medida pola enerxía lograda a partir dos combustibles fósiles, carbón e petróleo fundamentalmente, pero actualmente atopámonos cun dobre problema, o chamado teito do petróleo e o cambio climático.

A Axencia Internacional da Enerxía, unha axencia creada no seo da OCDE despois da crise do petróleo do 1973, fixo público en novembro de 2010 que a produción de petróleo cru chegou ao seu pico en 2006, despois desta data, aínda quedando moito petróleo no subsolo, a súa extracción resultará a cada paso menos rendible. Neste senso, en decembro de 2013 o Concello de Rianxo co-editou un libro titulado *Guía para o Descenso Enerxético: Preporondo unha Galiza Pospretróleo*, que no capítulo 4 presenta medidas que os autores entende que deberían tomar as administracións locais, moitas delas na dirección das que nós presentamos, pero que teñen un alcance moito maior.

Múltiples estudos, entre eles o citado, falan dos importantísimos cambios que habería que acometer por mor do teito do petróleo, mais, a consecuencia do cambio climático, estes cambios teñen que ser enormemente acelerados. Os científicos dinnos que, máis aló de que o petróleo vai escasear, moito do existente non debe ser extraído porque a súa utilización incrementaría dramaticamente o nivel dos gases de efecto invernadoiro e, polo tanto, a temperatura do planeta. O obxectivo é que a temperatura non suba no presente século máis de 1,5 graos centígrados por encima do nivel pre-industrial. Subidas maiores terían consecuencias exponencialmente máis graves, e serían potencialmente incompatibles co que entendemos por sociedades desenvolvidas se este incremento acadara os tres graos ou máis, senda na que agora nos atopamos segundos os modelos científicos.

O Panel Internacional para o Cambio Climático (IPCC polas súas siglas en inglés), nun informe especial de outubro de 2018, fala da necesidade de transicións rápidas e de gran alcance, para que as emisións netas globais de CO₂ de orixe humano diminúan no 2030 arredor dun 45% en relación ás de 2010, e que a partir de aquí sigan facendo até acadar o 0 neto aproximadamente en 2050.

En ReC sabemos que esta é unha tarefa fundamentalmente de Estados e grandes compañías transnacionais, ás que a cidadanía debemos presionar nesa dirección.

Coas medidas que viñemos propoñendo: asinar o "Pacto dos Alcaldes" contra o cambio climático, establecemento da liña base de emisións e proposta de medidas para diminuílas, analizar os efectos potencialmente máis lesvos do cambio climático no noso Concello, a creación dun edificio público enerxeticamente eficiente, a instalación dun cargados de baterías para coches eléctricos, a creación dun carril bici, etc., pretendíamos e pretendemos poñer o noso gran de área para diminuír as emisións, concienciar á poboación sobre a relevancia do problema, facernos máis resilentes fronte ao cambio que virá, ir adaptándonos aos novos modelos enerxéticos e, simultaneamente, cargarnos de lexitimidade para esixirle ao Estado e ás grandes corporacións que non demoren máis a toma de decisión ineludibles.

Por todo o anterior propoñemos que o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo adopte os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno bipartito de Rianxo a executar os acordos adoptados pola anterior Corporación en materia de medio ambiente nos plenos que se detallan:
 - a. Pleno Ordinario da Corporación do 29 de setembro de 2015 (Acta N° 2016/14).
 - b. Pleno Ordinario da Corporación do 1 de decembro de 2016 (Acta N° 2076/19).
 - c. Pleno Ordinario da Corporación do 27 de abril de 2017 (Acta N° 2017/4).
 - d. Pleno Ordinario da Corporación do 25 de maio de 2017 (Acta N° 2017/5).
 - e. Pleno Ordinario da Corporación do 29 de xuño de 2017 (Acta N° 2017/6).
 - f. Pleno Ordinario da Corporación do 28 de setembro de 2017 (Acta N° 2017/10).
 - g. Pleno Ordinario da Corporación do 31 de maio de 2018 (Acta N° 2018/6).

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (dos 1 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común e 1 da concelleira do grupo Ciudadanos), 10 votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) e cero abstención dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta REXEITADA a moción.

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: REGULACIÓN DA CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS, ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E APOIO ADMINISTRATIVO A ENTIDADES CON CRITERIOS OBXECTIVOS.

Antes de pasar á moción a secretaria pide a palabra para advertir que se trata dunha petición vaga e imprecisa que non concreta os termos da modificación proposta ou da ordenanza que se pretende aprobar; e que se trataría máis ben dun rogo, e que a tramitación dunha modificación

dunha ordenanza está suxeita ao mesmo expediente que o da súa aprobación, expediente non obrante neste momento, entendendo que se trata de rogos que deberían de incluírse no correspondente punto da orde do día, e que non se debería ratificar a súa inclusión.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra ao vogal do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación social e a participación política sempre foron consideradas por Rianxo en Común dúas caras da mesma moeda, porén sempre quixemos dar primacía á primeira por considerar que é a que pode acadar cambios sociais, económicos, políticos, etc máis substantivos e duradeiros.

Neste senso, trouxemos ó pleno ou apoiamos iniciativas que permitiran que os veciños, organizados ou a título individual, puideran intervir nos plenos, puideran presentar iniciativas, puideran participar na elaboración dos orzamentos, recibiran información veraz e comprensible dos documentos económicos do concello, etc.

Pero sobordando o anterior, apoiamos ou trouxemos aquí propostas para facilitar funcionamento do tecido asociativo, mediante apoio económico, de infraestrutura organizativo: creación de asembleas parroquiais, creación do consello municipal asociacións, creación de órganos sectoriais, etc

Facémolo así porque pensamos que o dinamismo de participación, individual e colectivo, que aínda ten Rianxo é un dos nosos bens máis prezados. Os colectivos teñen unha importancia capital para manter e fortalecer os tazos que conforman a sociedade, pero ademais prestan unha gran cantidade de servizos á veciñanza nos ámbitos do lecer, o deporte, a saúde, a cultura, etc., que menos entón que poñer ó seu servizo os recursos que son de todos.

Non podemos deixar de recoñecer que o grupo de goberno pon recursos económicos e de infraestrutura a disposición do tecido asociativo, pero tampouco o grupo de goberno pode deixar de recoñecer que, a pesar de ter unha comisión informativa de Servizos á Cidadanía: Cultura, Deportes, Educación e Participación Veciñal, esta non se reuniu no que vai de txislatura. Tampouco pode deixar de recoñecer o grupo de goberno que, aínda tendo un concelleiro delegado de participación social, moi poucas cousas se teñen feito neste ámbito a máis das que xa se facían antes do 2011, ano no que chegaron ó goberno.

Pensamos, e así o teñen manifestado tamén os habilitados en varias ocasións, que hai que modificar a forma en que se poñen os recursos económicos ó servizo das asociacións. Propoñemos a modificación da ordenanza de Subvencións para que recolla criterios claros obxectivos para a asignación das mesmas, mellorando así a transparencia e as posibilidades de

fiscalización. Propoñemos tamén que se elabore unha ordenanza que recolla os criterios e condicións para a asignación de espazos municipais. E propoñemos por último que se regule o apoio administrativo ás asociacións en asuntos como solicitude de subvencións, elaboración de memorias, etc.

Por todo o anterior propoñemos os seguintes ACORDOS:

1. Modificación da ordenanza de subvencións para incluír os criterios obxectivos en base ós que serán asignadas.
2. Elaboración dunha ordenanza que regule a disposición de locais públicos en base a criterios obxectivos, que estableza claramente as obrigas do concello e as do usuario, así como facer público os locais dos que dispón o concello e os seus usuarios actuais.
3. Regular o procedemento e condicións en que as asociacións poden solicitar apoio para a realización dos traballos administrativo propios dos fins para os que foron constituídas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 3 votos a favor (dos 1 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común), dez votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE) e unha abstención (da concelleira do grupo Ciudadanos) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta REXEITADA a moción.

8 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

1c57890955eed732d9fb4c0df7eeb65fc6c615df6be1b3ee9922b86e83f1699e

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=o7B2AHjsIMs>